

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E IGUALDADE

16432 *Real decreto 1413/2018, do 2 de decembro, polo que se desenvolven as previsións da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, en materia de pensións de viuvez do réxime de clases pasivas do Estado.*

A disposición derradeira segunda da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, introduce unha modificación do número 3 do artigo 39 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 670/1987, do 30 de abril, na cal se prevé un incremento da porcentaxe aplicable á base reguladora, en catro ou dous puntos, para o cálculo das pensións ordinarias de viuvez, cando na persoa beneficiaria concorran os requisitos de ser maior de 65 anos, non ter dereito a outra pensión pública española ou estranxeira nin percibir outros ingresos por realización de traballo ou de capital en contía relevante.

Ademais, a referida Lei de orzamentos engade unha nova disposición adicional, décimo novena, ao texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, que establece que o incremento da porcentaxe será aplicable ás pensións ordinarias de viuvez causadas ao abeiro da lexislación vixente en 31 de decembro de 1984 e da lexislación especial de guerra, cando se cumpran os mesmos requisitos.

A mellora da pensión de viuvez prevista neste real decreto terá efecto a partir da entrada en vigor da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018. Non obstante, de conformidade co establecido na súa disposición adicional cuadraxésimo quinta, as pensións de viuvez causadas antes da súa entrada en vigor e vixentes na dita data, ás cales se deba aplicar o incremento de porcentaxe establecido no artigo 39.3 e na disposición adicional décimo novena do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, por concorreren os requisitos exixidos, revisaranse de oficio con efectos económicos do día primeiro do mes seguinte á entrada en vigor da citada lei de orzamentos.

Pola súa banda, na disposición adicional quincuaxésimo quinta da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018 prevese que, a partir do 1 de xaneiro de 2019, o incremento da porcentaxe aplicable á base reguladora das pensións de viuvez das persoas beneficiarias que cumpran os requisitos legalmente establecidos se eleve en oito ou catro puntos.

Co obxecto de adecuar as pensións de viuvez afectadas pola modificación normativa, cómpre ditar normas de desenvolvemento dirixidas, por un lado, a facilitar a revisión de oficio das pensións que se estean percibindo na data de entrada en vigor da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018 e, por outro, a establecer as condicións para o recoñecemento do dereito á mellora da pensión.

Este real decreto adécuase aos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así, en canto ao principio de necesidade, este xustifícase no artigo 39.3 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, que establece que a mellora das pensións de viuvez se efectuará nos termos que regulamentariamente se determinen.

No que concirne aos principios de proporcionalidade, seguridade xurídica, eficacia e eficiencia, a norma contén a regulación imprescindible para a consecución dos obxectivos previamente mencionados e consegue o seu fin mediante a única alternativa posible, a aprobación dunha norma con rango de real decreto.

Este real decreto dítase en virtude das facultades atribuídas ao Goberno polo artigo 39.3 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, e de acordo coa competencia exclusiva en materia de lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social que o artigo 149.1.17ª da Constitución española lle atribúe ao Estado.

Na súa virtude, por proposta das ministras de Facenda e de Defensa, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de novembro de 2018,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto a regulación dos requisitos, condicións e procedemento para a aplicación, ás pensións ordinarias de viuvez do réxime de clases pasivas do Estado e ás causadas ao abeiro da lexislación especial de guerra, do incremento da porcentaxe para o cálculo da contía da pensión, en cumprimento do establecido no artigo 39.3 e na disposición adicional décimo novena do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto lexislativo 670/1987, do 30 de abril, na redacción dada pola disposición derradeira segunda da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018.

Tamén é obxecto desta norma a regulación do incremento da porcentaxe aplicable á base reguladora, a partir do 1 de xaneiro de 2019, de acordo co establecido na disposición adicional quincuaxésimo quinta da citada Lei de orzamentos xerais do Estado.

Artigo 2. *Ámbito subxectivo de aplicación.*

O disposto neste real decreto aplicaráselles ás persoas beneficiarias da pensión ordinaria de viuvez do réxime de clases pasivas do Estado e da lexislación especial de guerra que reúnan os seguintes requisitos, de acordo co disposto no artigo 39.3 e na disposición adicional décimo novena do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado:

- a) Ter cumprido unha idade igual ou superior aos 65 anos.
- b) Non ter dereito a outra pensión pública española ou estranxeira.
- c) Non percibir ingresos pola realización dun traballo por conta allea ou por conta propia.
- d) Non percibir rendementos do capital, de actividades económicas ou ganancias patrimoniais, de acordo co concepto establecido para as ditas rendas no imposto sobre a renda das persoas físicas, que en cómputo anual superen o límite de ingresos establecido na correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado para ser beneficiario da pensión mínima de viuvez.

Artigo 3. *Mellora da pensión de viuvez ordinaria.*

1. Cando concorran os requisitos recollidos no artigo anterior, o importe da pensión ordinaria de viuvez fixarase aplicando á base reguladora que corresponda a porcentaxe que se determina nas alíneas seguintes:

- a) Se se trata de pensións de viuvez recoñecidas ao abeiro do título I do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, a porcentaxe será do 54 por 100. A porcentaxe será do 27 por 100 cando a persoa causante dos dereitos pasivos falecese despois de ser declarada incapacitada ou inutilizada en acto de servizo ou como consecuencia del e de se ter sinalado no seu favor a correspondente pensión extraordinaria.
- b) Se se trata de pensións de viuvez causadas conforme a lexislación vixente en 31 de decembro de 1984 ou a lexislación especial de guerra, a porcentaxe que corresponda incrementárase en 4 puntos.

2. A partir do 1 de xaneiro de 2019, de acordo co establecido na disposición adicional quincuaxésimo quinta da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, as porcentaxes previstas na alínea a) do punto anterior serán do 58 por 100 e do 29 por 100, respectivamente, e a porcentaxe para o cálculo das pensións ás cales fai referencia a alínea b) do punto anterior incrementarase en 8 puntos.

Artigo 4. *Competencia.*

A competencia para recoñecer e revisar a mellora das pensións de viuvez prevista neste real decreto corresponderá á Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas do Ministerio de Facenda e á Dirección Xeral de Persoal do Ministerio de Defensa, conforme as competencias atribuídas polo artigo 11 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado para o recoñecemento dos dereitos pasivos e a concesión das prestacións de clases pasivas do Estado.

Artigo 5. *Recoñecemento e efectos.*

1. A mellora das pensións de viuvez prevista no artigo 3 deste real decreto recoñecerase por solicitude das persoas interesadas, sempre que reúnan os requisitos exixidos no artigo 2. Para efectos do cumprimento do requisito establecido na alínea d) do artigo 2, as persoas solicitantes deberán presentar declaración expresa de que os seus ingresos no ano da solicitude non superarán o límite establecido na dita alínea.

2. Os efectos económicos da mellora determinaranse conforme as normas xerais aplicables ás pensións do réxime de clases pasivas do Estado.

Artigo 6. *Mantemento do dereito.*

1. O mantemento do dereito á mellora da pensión de viuvez estará supeditado ao cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 2.

2. Cando non quede acreditado o cumprimento dalgún dos requisitos previstos no artigo 2, a Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas do Ministerio de Facenda, ou a Dirección Xeral de Persoal do Ministerio de Defensa, segundo corresponda, ditará resolución en que se declare a suspensión ou perda do dereito á mellora. Neste suposto, cando proceda, emitirase unha nova resolución en que se fixe o importe da pensión de viuvez sen considerar os incrementos de porcentaxe.

A mellora deixará de percibirse desde o día primeiro do mes seguinte ao do incumprimento dos requisitos previstos nas alíneas b) e c) do artigo 2. Os efectos económicos da suspensión por incumprimento do previsto na alínea d) produciranse desde o primeiro día do mes de xaneiro do ano en que se produza a superación do límite dos rendementos establecidos.

3. As persoas pensionistas estarán obrigadas a reintegrar, nos termos previstos no Real decreto 1134/1997, do 11 de xullo, polo que se regula o procedemento de reintegro de percepcións indebidas e outras normas en materia de clases pasivas, os importes da pensión indebidamente percibidos desde a data de efectos da suspensión ou perda do dereito á mellora, co límite previsto no punto dous da disposición adicional décimo quinta do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado.

4. Cando, unha vez suspendido o dereito á mellora, se solicite a súa rehabilitación por se reuniren os requisitos previstos no artigo 2, os seus efectos determinaranse conforme as normas xerais aplicables ás pensións do réxime de clases pasivas do Estado.

Artigo 7. *Concorrenza de persoas beneficiarias.*

Cando concorran varias persoas beneficiarias con dereito á pensión de viuvez derivada da mesma persoa causante, a mellora da pensión das persoas beneficiarias que cumpran os requisitos previstos no artigo 2 aplicarase na mesma proporción tida en conta para o recoñecemento da pensión.

Artigo 8. *Obriga de comunicación.*

1. As persoas beneficiarias están obrigadas a comunicar á dirección xeral que corresponda, no prazo dun mes contado desde a data en que se produzan, as variacións que poidan supor a suspensión ou perda do dereito ao incremento de porcentaxe.

2. Para o mantemento do dereito á mellora da pensión de viuvez, as persoas beneficiarias residentes no estranxeiro estarán obrigadas, ademais, a presentar, antes do 31 de marzo de cada ano, declaración relativa ao cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 2, alíneas b), c) e d).

Cando se trate de acreditar o cumprimento do requisito establecido na alínea d) do artigo 2, a dita declaración referirase aos rendementos do ano da solicitude.

En caso de incumprimento da obrigación prevista neste punto, suspenderase a percepción da mellora da pensión de viuvez, con efectos do 31 de marzo do ano en curso. No caso de que se reciba o dito documento con posterioridade ao prazo establecido, procederase a rehabilitar a mellora da pensión, de ser o caso, de acordo co establecido na disposición adicional décimo quinta do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado.

3. As direccións xerais competentes efectuarán o debido control do cumprimento dos requisitos por parte das persoas beneficiarias, ás cales lles poderán requirir en calquera momento unha declaración dos seus ingresos, así como dos seus bens patrimoniais.

Disposición transitoria primeira. *Aplicación da mellora ás pensións que estivesen percibindo as persoas beneficiarias na data de entrada en vigor da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018.*

De conformidade co previsto na disposición adicional cuadraxésimo quinta da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, as pensións de viuvez que se estean percibindo na data da súa entrada en vigor, cuxas persoas beneficiarias cumpran os requisitos previstos no artigo 2 deste real decreto, serán revisadas de oficio polas direccións xerais competentes sinaladas no seu artigo 4. A data de efectos desta revisión será do primeiro día do mes seguinte ao da entrada en vigor da citada lei.

Para estes efectos, presumirase que concorre o requisito previsto no artigo 2.d) cando os rendementos obtidos de acordo coa última información facilitada pola Administración tributaria non superen o límite establecido para ser persoa beneficiaria da pensión mínima de viuvez no ano 2018.

Disposición transitoria segunda. *Aplicación da mellora ás pensións recoñecidas con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto.*

As pensións ordinarias de viuvez recoñecidas no período comprendido entre a data de entrada en vigor da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para 2018, e a deste real decreto, revisaranas de oficio as direccións xerais competentes sinaladas no artigo 4 deste real decreto, sempre que as persoas beneficiarias cumpran os requisitos previstos no artigo 2. Os efectos desta revisión retrotraeranse á data de efectos da pensión inicialmente recoñecida, sen que poidan ser anteriores ao día primeiro do mes seguinte ao da data de entrada en vigor da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018.

Para estes efectos, presumirase que concorre o requisito previsto no artigo 2.d) cando os rendementos obtidos de acordo coa última información facilitada pola Administración tributaria non superen o límite establecido para ser persoa beneficiaria da pensión mínima de viuvez no ano 2018.

Disposición transitoria terceira. *Aplicación da mellora ás pensións que se estean percibindo o 1 de xaneiro de 2019.*

Os incrementos previstos no número 2 do artigo 3 aplicaranos de oficio as direccións xerais competentes sinaladas no artigo 4 deste real decreto ás pensións ordinarias de

viuvez que se estean percibindo o 1 de xaneiro de 2019, que cumpran os requisitos previstos no artigo 2. A data de efectos desta revisión será do 1 de xaneiro de 2019.

Para estes efectos, presumirase que concorre o requisito previsto no artigo 2.d) cando os rendementos percibidos, de acordo coa última información facilitada pola Administración tributaria, non superen o límite establecido para ser persoa beneficiaria da pensión mínima de viuvez no ano 2019.

Disposición transitoria cuarta. *Aplicación da mellora en determinados supostos.*

O establecido nas disposicións transitorias primeira, segunda e terceira non se aplicará ás pensións recoñecidas ao abeiro dos regulamentos comunitarios sobre coordinación dos sistemas de Seguridade Social ou dos convenios bilaterais de Seguridade Social, nin cando a persoa beneficiaria da pensión resida no estranxeiro. Nestes supostos, a mellora da pensión efectuarase logo de solicitude da persoa interesada, sempre que acredite os requisitos establecidos no artigo 2, cos efectos previstos nas normas xerais aplicables ás pensións do réxime de clases pasivas do Estado. En ningún caso os citados efectos poderán ser anteriores ao día primeiro do mes seguinte ao da data de entrada en vigor da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018 ou, de ser o caso, ao 1 de xaneiro de 2019.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de aplicación e desenvolvemento.*

Facúltanse as persoas titulares dos ministerios de Facenda e de Defensa para ditaren, no ámbito das súas respectivas competencias, cantas disposicións de carácter xeral sexan precisas para a aplicación e o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 2 de decembro de 2018.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
Relacións coas Cortes e Igualdade,
CARMEN CALVO POYATO